



Concello de **Lalín**

Proxecto de feira

Proposta de ocupación de espazo aberto ó público na Zona do Regueiriño.

Festas patronais As Dores, 2023

Expedientes

2871/2023

2872/2023

Arquitecto Técnico Municipal
Hervé Fernández Estévez
Arqº Tco. Col 1673 COAAT AC



1. Memoria

- 1.1. Preámbulo**
- 1.2. Obxecto**
- 1.3. Data de celebración.**
- 1.4. Normativa**
- 1.5. Ordenanza fiscal nº 12.**
- 1.6. Definicións e establecemento das categorías**
- 1.7. Posición das parcelas**
- 1.8. Organización da subministración eléctrica.**

2. Planos

- 2.1. Plano de situación**
- 2.2 Plano da ocupación**

3. Prego de condicións.

- 3.1. Condicións da ocupación e uso do espazo público.**
 - 3.1.1. Protección dos espazos libres e zonas verdes
 - 3.1.2. Limpeza e ornato
- 3.2. Condicións que deben cumplir as atraccións, casetas, postos de venta e alimentación.**
 - 3.2.1. Emprego de animais
 - 3.2.2. Condicións de seguridade
 - 3.2.3. Condicións das instalacións.
 - 3.2.4. Condicións administrativas
- 3.3. Condicións de montaxe e desmontaxe.**
- 3.4. Inspección.**
- 3.5. Condicións de funcionamento**
 - 3.5.1. Inicio da actividade
 - 3.5.2. Horarios
 - 3.5.3. Información ó público.

ANEXO I. Establecemento do prezo.

- I.I. Coeficientes correctores, por categoría, por posición.**
- I.II. Táboa xustificativa.**



1. Memoria

1.1. Preámbulo.

Durante as festas patronais de Lalín na honra á Virxe das Dores, que teñen lugar tódolos anos a finais de setembro, non únicamente se levan a cabo celebracións relixiosas, senón que tamén se programan actividades recreativas, comerciais ou gastronómicas, é costume que se instalen atraccións de feira e postos de venda ambulante nas rúas do casco urbano, que se localizan dende hai xa varios anos na zona coñecida como O Regueiriño, ocupando as rúas Habana, Caracas e Escaldes-Engordany.

1.2. Obxecto.

O obxecto do proxecto é, no marco das festas patronais de Lalín, delimitar, por causa da ocupación do espazo aberto ó público na zona do Regueiriño e en aplicación da ordenanza fiscal 12, as posicións para a instalación das atraccións de feira e postos de venta, que se relacionan e identifican nos planos adxuntos ó final desta proposta.

1.3. Datas de celebración.

As festas patronais de Lalín no ano 2023 celebraranse entre os días **venres 22 de setembro e martes 26 de setembro**, ambos inclusive.

1.4. Normativa de aplicación.

Lei 14/1985, de 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas de Galicia. A derrogar o 06 de outubro de 2023 pola lei 3/2023, do 4 de xullo, reguladora dos xogos de Galicia.

Decreto 166/1986, do 4 de xuño, sobre o catálogo de xogos da Comunidade Autónoma de Galicia.

RCE 852/2004, do Parlamento Europeo e do Consello, de 29 de abril, relativo á hixiene dos produtos alimenticios.

Lei 13/2010, de 17 de decembro, do comercio interior de Galicia.

Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e a competitividade económica de Galicia.

Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.

Ordenanza de medio ambiente, limpeza e convivencia do Concello de Lalín. Boppo nº 11, do 19 de xaneiro de 2016

Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos e actividades recreativas de Galicia.

Decreto 124/2019, de 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ó público da Comunidade Autónoma de Galicia.

Orden do 23 de outubro de 2020, pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ó público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e actividades recreativas.

Decreto 226/2022, do 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas.



1.5. Ordenanza fiscal nº 12.

O prezo de cada parcela, que as persoas titulares das autorizacións están obrigadas a satisfacer, constitúe unha contraprestación económica que ten a natureza de taxa, e por obxecto compensarlle ó concello polo aproveitamento especial do dominio público por parte dos beneficiarios das autorizacións.

Os prezos de parcela, que se achegan como anexo I a este proxecto, están elaborados de conformidade coa ordenanza fiscal nº12 *Reguladora da taxa por instalación de postos barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreo de uso público municipal*, segundo se pode consultar no libro de ordenanzas do Concello de Lalín. Establecese o seguinte:

Dado o carácter específico e consuetudinario das festas patronais e a Feira do Cocido e a especialidade desta ocupación do dominio público, na determinación do importe desta taxa aplicaranse os seguintes criterios e parámetros:

Atendendo ó tipo de atracción ou posto e metro cadrado da ocupación establecéncense as seguintes tarifas.

Postos de venta, por m ² ou fracción	10,26 €
Atraccións de azar, por m ² ou fracción	6,84 €
Carruseis, por m ² ou fracción	8,55 €
Atraccións de habilidade, por m ² ou fracción	10,26€
Postos de degustación, bares, churrerías ou similares, por m ² ou fracción	17,10 €

Excepcionalmente, poderán determinarse unhas dimensións fixas á parcela obxecto de ocupación (posto) con independencia de cal sexa a ocupación real. Neste caso a determinación da tarifa será o resultado da aplicación do cadro anterior coa posibilidade dun incremento ou dunha diminución de ata un 20% da tarifa así calculada.

Dentro dos distintos tipos de atracción, poderán contemplarse ata tres categorías e, atendendo a estas, á tarifa contemplada no cadro e parágrafo anteriores poderá aplicárselle un coeficiente de incremento de ata o 100 por cento ou unha diminución de ata o 50 por cento.

Así mesmo, poderán contemplarse ata tres categorías de situación en función da afluencia de público, situación, etc. e atendendo a esta, á tarifa calculada no parágrafo anterior poderá aplicárselle unha redución do 50 por cento ata un aumento do 100 por cento.

Atendendo á forma de adxudicación elixida (poxa, concurso ou adxudicación directa), poderá, así mesmo, aplicarse un incremento ou unha diminución das tarifas resultantes pola aplicación dos anteriores criterios de ata un 20 por cento.

Con ocasión da aprobación do proxecto de feira, o órgano competente confeccionará a aprobará o cadro de tarifas resultante da aplicación destes criterios e que servirá de base para a determinación do canon de ocupación.

Nos procedementos de licitación pública, este canon de ocupación terá o carácter de prezo de saída e o importe final da taxa virá determinado polo valor económico da proposición sobre a que recaia a adxudicación.”

A cada atracción ou posto corresponderalle un prezo en base a ocupación total que dispoña, resultado de multiplicar o prezo por metro cadrado pola superficie en metros cadrados ocupados, corrixido polos coeficientes que sexan de aplicación, en función da categoría e situación.



1.6. Definicións e establecemento das categorías.

En aplicación da ordenanza, establecense as seguintes categorías de cada tipoloxía, segundo o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia. No caso de actividades ou atraccións, non expresamente rellidas nestas páxinas, asimilaranse dentro dunha das categorías establecidas.

※ *Atraccións recreativas (ANEXO. II.4, D 124/2019).*

Aquellos que consisten en ofrecer ó público en establecimentos abertos ó público legalmente habilitados para elo, ou en espazos abertos ó público un tempo de recreo, entretenimento ou ocio, mediante a utilización de atraccións, mecánicas ou non, consistentes en instalacións fixas ou eventuais, tales como inchables, parques de bolas, tobogáns, columpios, carruseis, norias, montañas rusas, trens turísticos, barracas e calquera outro de semellantes características a cambio do pago dun prezo polo seu uso.

1. Tipoloxía Carruseis.

Todo aparato dotado de movemento e accionamento mecánico que permita a visión a través del e que non utilice fachadas de ningún tipo. Dentro delas estarían incluídas, de xeito non exhaustivo: *noria, montaña rusa, dragón, saltamontes, barco vikingo, nube, simuladores de teatro, pistas e trens infantís, tiovivo, scalextric, V, rana, loop, etc.*

Os únicos efectos de este proxecto de festa, considérase que as atraccións de carrusel se compoñen de **tres categorías**, en relación á intensidade da atracción:

1.1. Categoría C1. *Infantil e intensidade baixa.*

Considéranse dentro desta categoría as atraccións destinadas ó público infantil – atracción expresamente deseñada para ser utilizada polas crianzas – ou de intensidade baixa, semellantes a: tiovivos, pistas e trens infantís, simuladores ...

1.2. Categoría C2. *Intensidade media.*

Considérase nesta categoría as atraccións de intensidade media, semellantes a: dragón, noria... Nestas atraccións, a intensidade moderada, provoca a achega dunha maior cantidade de público, en relación a outras categorías.

1.3. Categoría C3. *Intensidade alta.*

Considérase nesta categoría as atraccións de alta intensidade, semellantes a: V, montañas rusas... Nestas atraccións, a intensidade alta, provoca unha cantidade menor de público potencial, e unha inversión maior en medidas de seguridade.

2. Tipoloxía Habilidade.

Atracción onde é necesaria a participación activa dos clientes, executando algún tipo de actividade, incluídas aquellas onde é necesaria a pericia para a obtención dun premio. Estarían incluídas, de xeito non exhaustivo, nesta tipoloxía: *pistas de coches, circuitos, colchonetas, skip jumper, inchables, casetas de tiro, canastras, porterías, pistas americanas, bufalitos e toritos, táboa de surf, etc.*

Os únicos efectos de este proxecto de festa, considérase establecer **tres categorías**, en relación á actividade a desenrolar:

2.1. Categoría H1. *Colchonetas, inchables e pistas americanas.*

Considéranse dentro desta categoría as atraccións onde a actividade a executar é do tipo salto ou equilibrio, semellantes a: colchonetas, inchables ou pistas americanas... Estas atraccións precisan de ocupar unha gran cantidade de espacio, por usuario, para posibilitar os exercicios.



2.2. Categoría H2. *Pistas e circuítos.*

Considérase dentro desta categoría as atraccións de condución, ou pistas: pistas de coches de choque, pistas de motos, circuitos de similares. Ó igual que na categoría anterior, precisan de ocupar unha gran cantidade de espacio, por usuario, para posibilitar as manobras.

2.3. Categoría H3. *Recompensa.*

Considérase dentro desta categoría aquelas atraccións onde a execución dunha determinada acción, xeralmente de puntería, recibe como premio un artigo – non podendo ser un premio en metálico – semellantes a: casetas de tiro, cassetas de dardos, tiro penalti, cesta de grúas...

※ Xogos de sorte ou azar (ANEXO. II.6, D 124/2019).

Actividade dependente do azar, mediante a que se arrisquen cantidades de diñeiro ou obxectos economicamente avaliables, que permitan a sua transferencia entre os participantes. (art. 2, L 14/1985)

3. Tipoloxía Azar.

Son xogos prohibidos todos os que non estean permitidos pola lei 14/1985, previa inclusión no catálogo, publicado por decreto o 4 de xullo, D166/1986. Os sistemas de sorteo de regalo son especialidades exclusivas dos postos de atracción que os definen, e ningunha outra poderá utilizarlos.

Os únicos efectos deste proxecto de festa, considérase que as atraccións de azar constitúen **unha única categoría.**

3.1. Categoría A. *Xogo das tóbolas.*

Xogo das tóbolas. Prodúcese mediante a adquisición por un prezo certo de un sobre ou boleto que deberá conter ocultos números, símbolos ou textos, expresivos do premio que no seu caso lle corresponda, que se poderá obter de xeito instantáneo ou pola suma de puntos hasta acadar unha cifra determinada (art. 7, D 166/1986) O xogo coñecido como *pesca de patiños* é unha variante do xogo das tóbolas.

※ Actividades de restauración (ANEXO. II.7, D 124/2019)

Aquellos que teñen por obxecto a prestación do servizo de comida e bebida para o seu consumo polo público a cambio dun prezo, conforme ó disposto na súa normativa específica.

4. Tipoloxía Degustación.

Espazos destinados á venta de alimentos: bocadillos, frituras, lambetadas, bebidas e similares.

Os únicos efectos de este proxecto de festa, considérase que os postos de alimentación se compoñen de **dúas categorías**, en relación ó grado de elaboración e manipulación dos alimentos ofertados:

4.1. Categoría D1. *Bares e churrerías.*

Considéranse dentro desta categoría os postos de venta de produtos de comida de rápida preparación, e a venta de bebidas embotelladas, incluso bebidas alcohólicas de baixa graduación. Inclúense: hamburgueserías, food-trucks, bocaterías, churrerías, e similares...

4.2. Categoría D2. *Lambetadas e garapiñadas.*

Considéranse dentro desta categoría os postos de venta de productos de alimentación secos preparados solos ou con azucré ou mel: garapiñadas, améndoas, cacahuetes, lambetadas. ou produtos de similares características.



※ *Venta ambulante* (arts. 70 e 71, L 13/2010)

Aquela que se leva a cabo fóra dun establecemento comercial, en instalacións desmontables e transportables, incluíndo os camións tenda. No caso de que se celebren con motivo de feiras, festas ou acontecementos populares, corresponderá á tipoloxía de venta ambulante en mercados ocasionais.

5. Tipoloxía Venta.

Ós únicos efectos de este proxecto de festa, considérase que os postos de venta constitúen **unha única categoría**.

5.1. Categoría V. Venta ambulante.

Espazos destinados á venta de artigos de regalo, prendas de vestir, zapatería, marroquinería, bixutería, xoguetería, bazar, produtos artesanais, etc... Non está permitido nestes espazos a venta de produtos de alimentación.

※ *Definicións.*

Actividade recreativa (art. 3.b, L 10/2017)

Aquela que ofrece ó público, espectadores ou participantes, actividades, produtos ou servizos con fins de recreo, entretemento ou ocio.

Espazo aberto ó público (art. 3.e, L 10/2017)

Os lugares de titularidade pública, incluída a vía pública, ou de propiedade privada, onde ocasionalmente se levan a cabo espectáculos públicos ou actividades recreativas e que non dispoñan de infraestruturas nin instalacións fixas para facelo

Espectáculo público ou actividade recreativa de carácter ocasional (art. 4.c, D 124/2019).

Os que se celebren en establecementos abertos ó público ou espazos abertos ó público, durante períodos de tempo iguales ou inferiores a 3 meses, en cómputo global anual.

Festas e verbenas populares (ANEXO II.5, D 124/2019)

Aquelas que se celebran normalmente ó aire libre ou na vía pública con motivos de festas locais, patronais, con actuacións musicais, bailes, barracas, fogos de artificio, hostalaría e restauración.

Instalacións portátiles ou desmontables (art. 3.f, L 10/2017)

Aquelas estruturas móveis provisionais ou aqueles recintos destinados ó desenvolvo de espectáculos públicos ou actividades recreativas, constituídos por elementos desmontables ou portátiles conformados por componentes que permitan operacións de montaxe e desmontaxe sin necesidade de demoler ningunha obra de fábrica.

Atraccións itinerantes de feira (art. 5, D226/2022)

Aquelas atraccións recreativas propias das festas e verbenas populares que se instalan temporalmente en espazos ó aire libre.

1.7. Posición das parcelas.

Polas solicitudes previas e experiencia de anos anteriores, despois dun proceso de optimización do espazo dispoñible, as parcelas están asignadas para unha única categoría posible, procurando separar entre si as atraccións similares, para unha maior lucimento da festa.

No tocante ós postos para a venda de prendas de complementos, artesanía, bazar, etc... que se localizan na Rúa Molinera, establecese un módulo mínimo para cada posto, que ocupa unha superficie de 6 metros cadrados, con 2 metros de fronte e 3 de fondo.



1.8. Organización da subministración eléctrica.

Aquellos atraccións, casetas, postos de venta e degustación onde a potencia requerida sexa superior a 5 kw, non teñen garantido a subministración eléctrica, e deberán ser enerxéticamente autosuficientes, co uso dun xerador eléctrico, ou outro sistema análogo. En aquelas, onde a potencia sexa inferior a 5 kw, conectaránse obrigatoriamente ós cadros eléctricos colocados a tal fin.


Disporanse 5 cadros eléctricos na zona do Regueiriño, e un máis na Rúa Molinera, para a conexión dos puntos de venta. Cada cadre disporá de unha toma de corrente para cada unha das parcelas ás que se lle da subministro.

O Concello subministrará e montará os cadros, e será da súa conta os consumos.





2. Planos


2.1 Plano de situación.




ZOOM 1









3. Prego de condicións.

3.1. Condicións da ocupación e uso do espazo público.

Farase un uso correcto do dominio público, quedando obrigada a persoa beneficiaria a reparar ó seu cargo os danos ocasionados, en caso de destrución ou estrago, sin perxuízo das sancións que foran de aplicación.

Non se permitirá ningunha instalación cuxas dimensión superen ás adxudicadas. Os aparatos voadores (norias, vikingos, nubes, etc.) deberán voar, nos primeiros cinco metros de desprazamento, dentro no espazo definido polos os límites da parcela, para evitar o paso do público por debaixo destes elementos.

O espazo autorizado deberá destinarse única e exclusivamente para a actividade autorizada, así, queda prohibido dividir o espazo ou ceder o dereito de uso con ou sen prezo, a colocación de mais dunha actividade dentro dos límites da parcela, ou de actividades non autorizadas e a venda de calquera produto non permitido pola lexislación.

As caravanas instalaranse no lugar fixado a tal efecto polo Concello.

3.1.1. Protección dos espazos libres e zonas verdes.

Está prohibido estragar, arrincar ou pisar as especies vexetais existentes, así como despuntar, cortar ou desgarrar ramas de calquera índole de desenvolvemento vexetativo nas árbores e arbustos existentes na zona. Tampouco cravar elementos punzantes, colocar carteis, tomas de auga, abrazadeiras ou calquera elemento de sustentación ou apoio sobre o arborado existente, ou cravar elementos punzantes no pavimento cando este non sexa de terra.

3.1.2. Limpeza e ornato.

Os titulares das atraccións de postos de venta, están obrigados a manter o espazo público nas debidas condicións de limpeza, tanto as súas propias instalacións coma o espazo urbano sometido á súa influencia. Disporanse colectores de depósito de residuos, nos que se deberá facer a entrega separativa dos residuos xenerados pola actividade. No caso de residuos voluminosos, disporanse ó carón dos colectores, pero debidamente embalados para evitar que se dispersen.

Unha vez rematado o prazo da concesión, a zona deberá quedar en perfecto estado de conservación e limpeza.

3.2. Condicións que deben cumplir as atraccións, casetas, postos de venta e alimentación.

Quedan prohibidas todas aquelas que inciten á violencia, racismo, xenofobia, sexismou calquera outro tipo de discriminación, que incumpran os requisitos de imaxe e linguaxe non sexista, violenta ou discriminatoria sinalados no artigo 7.f do decreto 226/2019, de 22 de decembro, así como aqueles que atenten contra a dignidade humana, ou se desenrolen sin que estea garantida a seguridade dos usuarios e indemnidade dos bens, tanto privados como do patrimonio público.

3.2.1. Emprego de animais.

O pleno da Corporación, ó respecto do emprego de animais en espectáculos circenses ou atraccións, acordou o o de 23 de xullo de 2015:

1. O Concello de Lalín non autorizará nin promoverá ou amparará a instalación de circos con animais e calquera atracción na que se utilicen animais no termo municipal.



3.2.2. Condicións de seguridade.

Deberán de reunir as condicións de seguridade, de usuarios e persoal técnico, solidez das estruturas e funcionamento e garantía das instalacións, prevención de incendios, salubridade, hixiene, acústica e accesibilidade, e acceso e intervención do persoal de auxilio e corpos de seguridade que se atopen establecidas pola normativa en vigor.

No caso das atraccións itinerantes de feira, cumprirase a Norma UNE-EN: 13814. Maquinaria e estruturas para parques e feiras de atraccións.

No caso dos inchables, deberán cumplir a Norma UNE-EN: 14 960. Equipamentos de xogo inchables.

3.2.3. Condicións das instalacións

Cada atracción ou posto poderá dispor dun equipo de música, que non poderá sobrepassar o límite sonoro de 65 dB(A).

Aquelhas atraccións, casetas, postos de venta e degustación onde a potencia requerida sexa superior a 5 kw, non teñen garantido a subministración eléctrica, e deberán ser enerxéticamente autosuficientes, co uso dun xerador eléctrico, ou outro sistema análogo. En aquelas, onde a potencia sexa inferior a 5 kw, conectaranse obligatoriamente ós cadros eléctricos colocados a tal fin.

Os postos de alimentación deberá dispor do equipamento suficiente para garantir a cadea de frío e a adecuada conservación dos alimentos almacenados, subministro de auga, gas e recollida de augas residuais, para o desenvolvemento da súa actividade de forma autónoma.

3.2.4. Condicións administrativas.

Os titulares deberán atoparse dados de alta no réxime correspondente da Seguridade Social, e no seu caso, o imposta de actividades económicas.

Seguro de responsabilidade civil obligatorio

Os titulares están obrigadas a dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil (art. 8, L 10/2017), en vigor, ata a finalización da actividade. A súa vixencia deberá acreditarse mediante un exemplar da póliza, no que figuren as cláusulas xerais e particulares, que reflicten a cobertura e o capital asegurado, e o recibo de pago, ou certificación da compañía aseguradora, regulada no artigo 10 do decreto 226/2022, de 22 de decembro.

O capital mínimo asegurado será de 300.000 €, no caso de atraccións das tipoloxías carrusel: C1, C2, C3; habilidade: H1, H2, H3 e azar: A

O capital mínimo asegurado será de 150.000 €, no caso das tipoloxías degustación: D1, D2 e postos de venta: V

Réxime de intervención administrativa

O réxime de intervención administrativas, é o previsto no artigo 40 da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e a competitividade económica de Galicia.

No caso de festas e verbenas populares organizadas por asociacións de veciños ou comisións de festas, (DA 4, L 10/2013) se as actividades contemplan o montaxe de instalacións suxeitas a declaración responsable, esta será presentada polo titular da instalación, e acompañarase, neste caso, da póliza do seguro de responsabilidade civil, o marcado CE e declaración CE de conformidade, de ser o caso, e o certificado da instalación eléctrica.

No caso da instalación de atraccións itinerantes de feira, ás que teña acceso o público, incluirase tamén: a designación da persoa física ou xurídica que ha de assumir a responsabilidade técnica da montaxe da instalación e o proxecto ou documentación técnica esixible onde se inclúa: o proxecto da atracción, o manual de funcionamento e o libro de operacións (art. 5.2, D 226/2022)

No caso das actividades de restauración deberá acompañarse do carné ou certificado en materia de manipulación de alimentos e alerxias e intolerancias alimentarias.

3.3. Condicións da montaxe e desmontaxe.

As tarefas serán supervisadas por técnicos municipais, Policía Local ou persoal designado a tal efecto.

Unha vez se proceda á montaxe, deberase asegurar sobre o terreo, que permanecen libres de obstáculos os accesos ós inmobles e garaxes e garantidas as distancias mínimas e os radios de xiro para o paso dos vehículos de asistencia e emerxencias ó recinto, facendo, de ser o caso, os axustes na posición das atraccións que sexan precisos.



A montaxe das atraccións poderá iniciarse, a partir do día 20 de setembro de 2023. Os postos deberán estar completamente montados e revisados antes das 14:00 do día 22 de setembro. A desmontaxe estará finalizada, quedando completamente libre o espazo público, o xoves día 28 de setembro. Rematado o prazo da autorización, a persoa adjudicataria abandonará e deixará libre e baleiro, o espazo público obxecto da ocupación.

Os postos de venta poderán instalarse na súa posición o venres 22.

Non se permitirá a entrada de camións ou montaxe de novas atraccións unha vez empezadas as festas.

3.4. Inspección

No caso da instalación de atraccións portátiles ou desmontables, ás que teña acceso o público, concluída a instalación, e **antes da súa posta en funcionamento**, deberase de presentar a certificación da instalación ou montaxe, na cal se acredeite que as instalacións reúnen as medidas necesarias de seguridade estrutural, revisión de instalacións, probas de funcionamento, competencia e identificación do persoal operador, información ó público, e requisitos de imaxe, subscrita por técnico competente ou ECCOM (art. 4.3 e 7, D 226/2022).

3.5. Condicóns de funcionamento

Evitarase calquera tipo de comportamento, que poida poñer en perigo a seguridade do público asistente ou a indemnidade dos bens, incluído o patrimonio público, e respectando o aforo máximo permitido.

Deberan de levar a cabo os controis técnicos obligatorios, de acordo co tipo de actividade e a súa normativa en vigor, e adoptar as medidas de seguridade, hixiene e salubridade, para garantir o funcionamento da actividade, en condicións de seguridade e calidade.

Cada atracción, mentres permaneza en funcionamento, deberá estar sempre baixo o control directo dun operador principal, maior de idade e con coñecemento suficiente do funcionamento da atracción, sen perxuízo da existencia doutros operadores auxiliares. Esta persoa será a responsable de que se respecten as normas de acceso á atracción por parte dos usuarios, así como o manexo da atracción polo disposto no seu manual de funcionamento (art. 7.d, D 226/2022).

No caso das actividades de restauración estarase en posesión do certificado acreditativo de haber recibido formación en materia de manipulación de alimentos e alerxias e intolerancias alimentarias.

No caso das atraccións de azar, son xogos prohibidos todos os que non estean permitidos pola lei 14/1985, previa inclusión no catálogo, publicado por decreto o 4 de xullo, D166/1986.

No caso de postos de venta de alimentación, vixiarase o aseo e limpeza do persoal e o seu vestiario, así como as condicións de hixiene, limpeza e desinfección do posto de venta, cumprindo o establecido no Regulamento (CE) 852/2004. A exposición de alimentos sobre a barra ou mostrador, que se presenten sen envase e estean ó alcance do público, farase únicamente coa protección adecuada, que poderá ser unha simple vitrina, no caso de consumo inmediato, ou vitrina frigorífica, para os produtos perecedoiros.

3.5.1. Inicio da actividade

A actividade poderá dar comezo a partir das 20:00 do venres día 22.

3.5.2. Horarios

Autorizase, en exercicio das competencias municipais establecidas no artigo 5 da lei de espectáculos públicos e actividades recreativas, a ampliación sobre o horario xeral publicado mediante Orde do 23 de outubro, quedando establecidos os seguintes límites horarios:

Horario de actividade		Hora silenciosa	
Inicio 13:00	Fin 02:30	Inicio 17:00	Fin 18:00
Tempo de desaloxo: 30 minutos			

A partir da hora de peche, non se permitirá o acceso a ningún usuario, e deberán quedar fóra de funcionamento a ambientación musical.

Este horario será comúns para o conxunto das actividades, que se levan a cabo na área do Regueiriño, independentemente da súa tipoloxía e categoría.



Queda á liberdade das persoas adxudicatarias, a posibilidade de fixar a apertura ou peche, dentro dos límites arriba establecidos.

Hora silenciosa.

A exposición a niveles elevados de ruído produce efectos negativos na saúde, de forma transitoria ou permanente, non afectado soamente ó órgano auditivo, anque eses efectos sexan os máis evidentes. A exposición continuada a ruídos dunha certa intensidade pode provocar hipoacusia, e no caso de sufrir un trauma acústico sonoro, xeralmente reversible, este prodúcese instantaneamente por ruídos moi intensos que pola sua alta presión danan o tímpano ou poden provocar fracturas ou luxacións dos osteocillos óticos. Son características a ter en conta na avaliación acústica: o nivel de exposición diario equivalente >80dB(A), o espectro de ruído en baixas frecuencias, ruídos de impacto que alcancen 135 dB(C) que se xeneren simultaneamente ó ruído e as vibracións. Son factores de risco o grupo etario, as características neurolóxicas e a xestación despois da semana 25. Por todo o que antecede, e en atención á diversidade e promoción da saúde, todos os días de duración das festas, as atraccións apagan a súa música, dentro do horario marcado como hora silenciosa.

Horario nocturno.

Deberase de prestar especial atención ó ruído producido no período de noite: entre as 23:00 e as 07:00, no que o ruído que chega ós locais interiores non será superior a 25 dB(A)

3.5.3. Información ó público.

Deberá indicarse, nun lugar visible ó público, os prezos, a existencia de follas de reclamación, e un contacto a efectos de reclamacións.

No acceso, nun lugar visible ó público e perfectamente lexible, deberá expoñerse un cartel, de dimensións, 297x420 mm, ou formato A3, segundo o modelo regulado no ANEXO do decreto 226/2022, de 22 de decembro.

<p>CONCELLO DE LALÍN www.lalin.gal</p>	<p>FESTAS PATRONAIS 2023 AS DORES 22 - 26 SETEMBRO</p>
NOME DA ATRACCIÓN CATEGORÍA*	AFORO 00
APERTURA 00:00	CIERRE/PECHE 00:00
ACCESOS DOS MENORES DE IDADE E OUTRAS CONDIÓNNS ESPECIAIS DE ACCESO	-- dB

* Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, decreto 124/2019



ANEXO I

I.I. Coeficientes correctores, por categoría e posición.

Establécense, para o ano 2023, os seguintes coeficientes correctores sobre o prezo base.

Por Categoría:

Carruseis	Habilidad	Degustación	Azar
C1 1,26	H1 0,76	D1 1,82	A 1,84
C2 1,41	H2 0,56	D2 1,63	Venta
C3 1,26	H3 1,42		V 1,15

Por posición:

Favorable 1,50	Intermedia 1,05	Desfavorable 0,75
----------------	-----------------	-------------------

COEFICIENTES DE POSICIÓN:

Tal e como establece a ordenanza, na que se abre a posibilidade de aplicar coeficientes correctores en función da posición, más ou menos vantaxosa, da atracción, que conllevará unha maior ou menor afluencia de público, dispónse un segundo grupo de coeficientes a aplicar.

- Posición favorable.

Esta posición é a más próxima á rúa pola que a inmensa maioría do público accede ó recinto feiral, e extén - dese ata o entorno da rotonda da R/ Habana con R/ Caracas, onde todos os anos se pode observar unha maior aglomeración de público, sendo as atraccións aquí situadas más beneficiadas que as restantes.

- Posición intermedia.

A posición apíllase á R/ Escaldes - Engordany, nos que debido á configuración urbanística se xenera un gran espacio aberto conectando a rotonda e a explanada dos xulgados, inclusive relacionado co parque próximo do Pontiñas, que permite tamén unha gran afluencia e permanencia de público, sendo tamén beneficiadas as atraccións aquí situadas.

- Posición desfavorable.

Esta posición apíllase en aquelas parcelas que non se atopan en ningún dos dous supostos anteriores.



I.II. Táboa xustificativa.

1	2	3	4	5	6	7	Prezo cálculo
A	P1	3	25	6,84 €	1,84	1,5	471,96 €
A	P2	8	25	6,84 €	1,84	1,05	330,37 €
A	P1	19	25	6,84 €	1,84	1,5	471,96 €
A	P1	29	130	6,84 €	1,84	1,5	2.454,19 €
A	P2	53	25	6,84 €	1,84	1,05	330,37 €
C1	P1	2	50	8,55 €	1,26	1,5	807,98 €
C1	P2	5	70	8,55 €	1,26	1,05	791,82 €
C1	P1	10	130	8,55 €	1,26	1,5	2.100,74 €
C1	P1	11	100	8,55 €	1,26	1,5	1.615,95 €
C1	P1	12	40	8,55 €	1,26	1,5	646,38 €
C1	P1	14	80	8,55 €	1,26	1,5	1.292,76 €
C1	P1	21	90	8,55 €	1,26	1,5	1.454,36 €
C1	P1	23	90	8,55 €	1,26	1,5	1.454,36 €
C1	P1	35	60	8,55 €	1,26	1,5	969,57 €
C2	P1	31	150	8,55 €	1,41	1,5	2.712,49 €
C2	P1	43	190	8,55 €	1,41	1,5	3.435,82 €
C2	P1	46	120	8,55 €	1,41	1,5	2.169,99 €
C2	P1	47	120	8,55 €	1,41	1,5	2.169,99 €
C2	P2	51	80	8,55 €	1,41	1,05	1.012,66 €
C2	P1	58	210	8,55 €	1,41	1,5	3.797,48 €
C3	P1	45	200	8,55 €	1,26	1,5	3.231,90 €
C3	P1	54	230	8,55 €	1,26	1,5	3.716,69 €
C3	P1	59	200	8,55 €	1,26	1,5	3.231,90 €
H1	P2	6	70	10,26 €	0,76	1,05	573,12 €
H1	P2	9	80	10,26 €	0,76	1,05	655,00 €
H1	P2	24	110	10,26 €	0,76	1,05	900,62 €
H1	P2	25	90	10,26 €	0,76	1,05	736,87 €
H1	P2	32	110	10,26 €	0,76	1,05	900,62 €
H1	P2	34	110	10,26 €	0,76	1,05	900,62 €
H1	P2	38	60	10,26 €	0,76	1,05	491,25 €
H1	P2	49	90	10,26 €	0,76	1,05	736,87 €
H1	P2	57	100	10,26 €	0,76	1,05	818,75 €
H2	P1	22	150	10,26 €	0,56	1,5	1.292,76 €
H2	P2	33	120	10,26 €	0,56	1,05	723,95 €
H2	P1	44	430	10,26 €	0,56	1,5	3.705,91 €
H2	P3	52	450	10,26 €	0,56	0,75	1.939,14 €

1. Categoría da parcela 2. Posición da parcela 3. Número de parcela 4. Superficie en m²
 5. Prezo base 6. Coeficiente da categoría 7. Coeficiente da posición



1	2	3	4	5	6	7	Prezo cálculo
H3	P1	1	25	10,26 €	1,42	1,5	546,35 €
H3	P2	4	20	10,26 €	1,42	1,05	305,95 €
H3	P2	7	20	10,26 €	1,42	1,05	305,95 €
H3	P1	13	25	10,26 €	1,42	1,5	546,35 €
H3	P2	15	25	10,26 €	1,42	1,05	382,44 €
H3	P2	26	15	10,26 €	1,42	1,05	229,46 €
H3	P2	28	20	10,26 €	1,42	1,05	305,95 €
H3	P1	36	40	10,26 €	1,42	1,5	874,15 €
H3	P2	37	20	10,26 €	1,42	1,05	305,95 €
H3	P2	39	25	10,26 €	1,42	1,05	382,44 €
H3	P1	55	25	10,26 €	1,42	1,5	546,35 €
D1	P1	16	15	17,10 €	1,82	1,5	700,25 €
D1	P1	17	10	17,10 €	1,82	1,5	466,83 €
D1	P1	20	15	17,10 €	1,82	1,5	700,25 €
D1	P1	30	15	17,10 €	1,82	1,5	700,25 €
D1	P1	40	15	17,10 €	1,82	1,5	700,25 €
D1	P2	42	15	17,10 €	1,82	1,05	490,17 €
D1	P2	48	15	17,10 €	1,82	1,05	490,17 €
D2	P1	18	10	17,10 €	1,63	1,5	418,10 €
D2	P1	27	10	17,10 €	1,63	1,5	418,10 €
D2	P2	41	6	17,10 €	1,63	1,05	175,60 €
D2	P1	50	15	17,10 €	1,63	1,5	627,14 €
V	P2	1 a 68	6	10,26 €	1,15	1,05	74,33 €

1. Categoría da parcela 2. Posición da parcela 3. Número de parcela 4. Superficie en m²
 5. Prezo base 6. Coeficiente da categoría 7. Coeficiente da posición

